

Exipto con cruceiro polo Nilo

afundacion.org



CICMA 2468Mm



NAUTALIA
Viajes

// Afundación

Obra Social ABANCA



20 de outubro: Santiago de Compostela / Aswan

Presentación á hora indicada nos Espazos +60 para realizar o traslado ata a o aeroporto de Santiago e posterior embarque en voo especial directo con destino Aswan, con cátering quente a bordo incluído. Chegada ao aeroporto de destino e, tras recoller a equipaxe, encontro cos nosos guías locais para poder realizar o traslado ao hotel en Aswan. Cea, aloxamento.

21 de outubro: Cruceiro polo Nilo (Aswan / Abu Simbel / Philae)

Almorzo (pícnic) moi cedo e saída en excursión en autocar a Abu Simbel, para poder visitar os seus impresionantes templos de Ramsés II e Nefertari, rescatados das profundidades do Nilo. Regreso a Aswan e xantar. Embarque na nosa motonave. Pola tarde, visitaremos o templo de Isis, na illa de Philae, impresionante templo rescatado das profundidades do Nilo e paseo en falucho. Cea e noite a bordo.

22 de outubro: Cruceiro polo Nilo (Kom Ombo / Edfú)

Almorzo e navegación cara a Kom Ombo para visitar o seu templo -situado nunha plataforma rochosa nunha curva do Nilo, dedicado ao deus dos crocodilos Sobek, cos seus textos gravados. Xantar e pola tarde chegada a Edfú. Cea e noite a bordo.

23 de outubro: Cruceiro polo Nilo (Edfú / Esna / Luxor)

Almorzo e saída para visitar Edfú, o templo mellor conservado de Exipto (despois de Karnak), dedicado ao deus Horus, cuxa construción se iniciou no 237 a.C. Xantar a bordo e navegación cara a Luxor, vía Esna. Cea e aloxamento a bordo.



24 de outubro: Cruceiro polo Nilo (Luxor / Karnak / Templo Hathshepsut / Val dos Reis) / O Cairo

Tras o almuerzo, desembarque cedo e inicio do programa de visitas incluídas. Visita do templo de Luxor, dedicado ao deus Amón-Ra, onde destaca a avenida das Esfinxes, o Obelisco -con máis de 25 metros de altura- e as estatuas de Ramsés II e a Naos. Posteriormente visita do templo de Karnak, impresionante templo onde se descubriron máis de 18 000 estatuas que che darán unha imaxe da súa grandeza. Cruzaremos á beira oeste do Nilo para coñecer as fabulosas estatuas dos Colosos de Memnon, cos seus máis de 15 metros de altura, o templo de Hathshepsut e o val dos Reis. Traslado ao aeroporto de Luxor e saída en voo cara ao Cairo. Chegada e traslado ao hotel. Cea e aloxamento.

25 de outubro: O Cairo

Almorzo. Visita á necrópole de Gizeh, onde se atopan as mundialmente famosas pirámides de Keops, Kefrén e Micerinos, e a Esfinxe, con entrada incluída ao recinto (non ao interior das pirámides). Xantar en restaurante. Pola tarde, realizaremos unha excursión a Menfis e Sakkara. En Menfis visitaremos a enorme estatua tombada de Ramsés II e a Esfinxe de alabastro. Posteriormente visita da necrópole de Sakkara e o seu recinto arqueolóxico, onde se encontra a pirámide de Unas. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

26 de outubro: O Cairo

Almorzo e saída para realizar a visita cultural do Cairo: barrio copto, cidadela de Saladino coa mesquita de Mohamed Alí e Museo das Civilizacións. Xantar e tempo libre para compras no famoso bazar de Khan el Khaili. Resto da tarde libre e, pola noite, cea especial de despedida na zona das pirámides de



Gizeh, con espectáculo de luz e son. Se as pirámides de Gizeh xa impresionan baixo a luz do día, poderemos experimentar a maxia dos monumentos pola noite con esta entrada ao espectáculo de luz e son na meseta de Gizeh. Viaxaremos desde O Cairo e gozaremos do espectáculo na impresionante paisaxe das pirámides e a esfinge no deserto. Descubriremos a historia dos faraóns do antigo Exipto grazas a un comentario gravado namentres admiramos imaxes proxectadas nos muros do templo. Aprenderemos sobre o antigo Exipto e as súas ruínas mentres descubrimos a súa historia, culminando cando a grande esfinge volve á vida e cita as palabras dun faraón do pasado. Cea especial de despedida. Regreso ao hotel e aloxamento.

27 de outubro: O Cairo / Santiago de Compostela

Almorzo no hotel. Traslado ao aeroporto e, tras os trámites de facturación e embarque, saída en voo especial directo con destino a Santiago de Compostela, con cátering no avión. Chegada do voo ao aeroporto de Santiago e, tras a recollida de equipaxes, traslado en servizo privado á nosa cidade de orixe.

PREZO BASEADO NUN GRUPO DE 46 PASAXEIROS

En habitación dobre/persoa socia ABANCA: 2 195 €

En habitación dobre/ persoa socia: 2 415 €

Suplemento habitación individual: 355 €

Máximo 5 habitacións individuais por grupo de 46 persoas.

No caso de cancelación do acompañante ou non atopar unha persoa para compartir habitación, o cliente deberá asumir o custo do suplemento individual.



VOOS PREVISTOS (horarios aproximados, suxeitos a cambios)

Santiago-Aswan 14.50-20.40 h

Luxor-O Cairo 20.10-21.10 h

O Cairo-Santiago 07.00-12.50 h

HOTEIS PREVISTOS OU SIMILARES

Aswan: Hotel Tolip 5*

Motonave Nile Style 5* Luxo

O Cairo: Hotel Steigenberger El Tahrir 5*

O NOSO PREZO INCLÚE

- Autobús desde os Espazos +60 ata o aeroporto de Santiago e viceversa.
- Voo especial directo Santiago de Compostela-Aswan, Luxor-O Cairo e O Cairo-Santiago de Compostela.
- Maleta facturada de máximo 20 Kg por persoa e 1 bolsa de man en cabina, máximo 7 Kg.
- Taxas de aeroporto vixentes a día de hoxe (210 €)
- Visado de entrada en Exipto.
- Todos os traslados en destino para realizar o circuito descrito no itinerario
- Estancia dunha noite en Hotel Tolip – 5* en Aswan
- Cruceiro de 3 noites polo Nilo en motonave detallada ou similar.
- Estancia de 3 noites no Cairo no hotel seleccionado ou similar.
- Réxime de pensión completa, 13 comidas (6 xantares e 7 ceas) Inclúe cátering quente no voo de ida e cátering no voo de regreso.
- Bebidas nas comidas (1 botella de auga para cada dúas persoas ou 1 cervexa ou 1 refresco ou 1 copa de viño por persoa) agás nalgún



restaurante local que podería non ter bebidas alcohólicas.

- Visitas incluídas: templos de Luxor e Karnak, Colosos de Memnon, templo de Hathshepsut, Val dos Reis, templo de Horus en Edfu, templo de Kom Ombo, paseo en falucho, templo de Isis en Philae, Abu Simbel en autocar, recinto das pirámides e a Esfinxe no Cairo, Museo das Civilizacións, excursión a Menfis e Sakkara, barrio copto, cidadela e bazar Khan el Khaili no Cairo.
- Entradas incluídas a: Luxor: templos de Luxor e Karnak, templo de Hathshepsut e val dos Reis, Edfu: templo de Horus, Kom Ombo: templo, illa de Philae: templo de Isis, Abu Simbel: templos, necrópole de Sakkara, O Cairo: recinto das pirámides e a Esfinxe, barrio copto, cidadela e Museo das Civilizacións.
- Evento especial de despedida con espectáculo de luz e son nas pirámides de Gzeh e posterior cea no restaurante.
- Guía acompañante de fala hispana
- Asistencia de maiteiros (onde for necesario).
- Propinas obrigatorias (35 €).
- Audioguías individuais para as visitas.
- Seguro de cancelación e de asistencia NON REEMBOLSABLE (30 €/persoa)

O NOSO PREZO NON INCLÚE

- Ningún servizo non especificado en «O prezo inclúe».
- Gastos extra (chamadas telefónicas, lavandería, outras bebidas...)



IMPORTANTE

- Este orzamento realizouse coa tarifa aérea vixente a 3 de marzo de 2022, e está suxeita, polo tanto, a fluctuación. É posible e, mesmo probable, de persistir a situación actual, que se poida incrementar pola subida do barril do petróleo. Nese caso, e unha vez notificados dese eventual incremento e do seu importe, o usuario poderá desistir de realizar a viaxe e procederáse á devolución dos importes aboados ata ese momento, excluindo o importe do seguro de viaxe (non reembolsable)
- A orde das visitas e o tempo nos lugares durante o cruceiro poderán ser variados en destino, manténdose íntegro o programa de excursións incluídas.
- Pola particularidade deste destino, a súa climatoloxía e o horario do amencer, débese ter en conta que hai 2 visitas (Luxor e Abu Simbel) nas que a hora de saída será arredor das 4 da mañá.
- O importe do seguro de viaxe non é reembolsable, independentemente das causas ou da antelación coa que se produza a cancelación da viaxe.
- Os xantares e ceas poderán ser no hotel ou en restaurantes, indistintamente.

CONDICIONS DE CANCELACIÓN

- Entre o 20/07 e o 20/08: 970 € / persoa.
- Entre o 21/08 e o 20/09: 1525 € / persoa.
- A partir do 21/09: 100 % do importe total.

//Afundación

Obra Social ABANCA

Información e reservas
Espazos +60 Afundación
ou Nautalia A Coruña
981 117 659